

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	LINGUA INGLESA	CURSO	2º ESO B
CURSO ACADÉMICO	2017-2018	PROFESOR	Mª MONTSERRAT VILLAPÚN CASTRO

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido: Comprensión de textos orais.	Estándares de aprendizaxe
<p>Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación de palabras clave. – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. <p>Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> –Mobilización da información previa sobre tipo de tarefa e tema. –Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. –Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes). –Formulación de hipótese sobre contido e contexto. –Inferencia e formulación de hipóteses sobre significativos, lingüísticos e paralingüísticos. –Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<p>1-Comprende fórmulas básicas de relación social. Identifica a relación de formalidade entre os interlocutores e o propósito comunicativo.</p> <p>2-Comprende instrucións e textos breves en contextos reais e simulados ligados a temas habituais.</p> <p>3-Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas e distingue as ideas principais e a información relevante.</p> <p>4-Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal.</p> <p>5-Comprende nunha conversa informal preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos.</p> <p>6-Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións sinxelas .</p>

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido Producción de textos orais: expresión e interacción.	Estándares de aprendizaxe
<p>Estratexias de produción:</p> <p>Planificación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. - Adecuación ao texto ao destinatario, contexto e canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. <p>Execución.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, no seu caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. <p>Lingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou parafraseo dun termo ou expresión. - Petición de axuda ou clarificación. - Petición de axuda ou clarificación. <p>Paralingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. - Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario-oínte as partes do discurso que deben ser co-interpretadas. 	<p>1-Amosa unha actitude positiva polo emprego da lingua estranxeira.</p> <p>2-Fai presentacións breves e ensaiadas, sobre aspectos concretos de temas do seu interés, e responde preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas.</p> <p>3-Ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas. Participa en conversacións informais cunha pronuncia comprensible establecendo contacto social, intercambiando información e expresando opinións.</p> <p>4-Colabora cos demais na interacción, verificación e comprensión propia e e dos demais cooperando activamente na realización de tarefas e respectando as aportacións dos demais.</p> <p>5-Toma parte nunha conversa informal ou entrevista intercambiando información suficiente e básica.</p>
<p>Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara aos demais para comprender e facerse comprender.</p>	

Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e nivel escolar. chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas.

Uso básico da quenda de palabra: con indicadores sinxelos de se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar dos demais.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido: Comprensión de textos escritos.	Estándares de aprendizaxe
<p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión ao mesmo. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipótese sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. 	<p>1-Comprende e segue instrución básicas e predecibles para a realización de actividades.</p> <p>2-Entende os puntos principais de textos propios da súa idade.</p> <p>3-Entende información específica esencial en materiais de referencia ou consulta.</p> <p>4-Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro standar.</p> <p>5-Entende información básica correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.</p> <p>6-Comprende con fluidez textos adaptados.</p>
<p>Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.</p>	

Estratexias de comprensión:

- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema.
- Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).
- Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión ao mesmo.
- Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).
- Formulación de hipótese sobre contido e contexto.
- Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido: Produción de textos escritos: expresión e interacción.	Estándares de aprendizaxe
<p>Estratexias de produción:</p> <p>Planificación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir, etc.). - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc) <p>Execución.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración dun borrador.. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos abordando en cada unha idea principal, conformando o significado deste ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente gustaríalle expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe “prefabricada”, etc.). <p>Revisión</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra.. - Reescritura definitiva. 	<p>1-Escribe notas e mensaxes en situacións reais ou simuladas nos que dá e solicita información relacionada con actividades e situacións da vida cotiá.</p> <p>2-Elabora textos moi breves con información sinxela e relevante.</p> <p>3-Completa un cuestionario sinxelo.</p> <p>4-Escribe notas,anuncios e mensaxes relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou sobre temas de relevancia respectando as convencións e normas de cortesía e da etiqueta se utiliza as redes sociais.</p> <p>5-Escribe correspondencia persoal na que se intercambia información persoal, se describen sucesos e experiencias, se dan instrucións,se expresan opinións.</p>
<p>Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar.</p>	<p>6-Fai unha presentación coidada dos textos escrito en papel ou en soporte dixital utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</p>

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5

Descrición do contido: : Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.	Estándares de aprendizaxe
<p>.Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e entoación.</p> <p>Pronunciación correcta do léxico e das estruturas traballadas na clase. Sons e fonemas vocálicos. O alfabeto. Sons e fonemas consonánticos. Word stress, -ing endings, /dju:/ Pronunciación da terminación <-ED> do pasado simple: /t/, /d/, /ɪd/. Intonation sentences. Pronunciation: /k/,/s/, Phonetic spelling.. A <-S> na terceira persoa de singular do present simple:/s/, /z/, /ɪz/. Sentence stress. Pronunciation. /dʒ/, Weak / Strong forms. Pronunciation/ Final consonant sounds, Intonation: Compound sentences Pronunciation: /əu/,au/, /u:/. Intonation: Tag questions. Pronunciation: /s/,sh. Contractions. Pronunciation: -able. Word stress.</p>	<p>Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.</p>
<p>. Patróns gráficos e convencións ortográficas. Uso das normas básica e ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p>	

<p>. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental da cultura estranxeira. Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: Linguaxe a empregar na clase. Falando acerca de actividades. Adolescentes. As vacacións. O turismo. O tempo. Os diferentes tipos de casas no mundo. Investigación : seguir normas, reportaxes de feitos delictivos, a xente e os delitos. As viaxes: información. As comunicacións entre adolescentes A nutrición: Hábitos saudables. Os cartos, os prezos as compras. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais máis significativas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación persoal entre os países onde se fala o inglés e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p>	<p>Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)</p>
<p>. Plurilingüismo Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade: saúdos e presentacións. Descrición de calidades físicas e abstractas básicas das persoas. Descrición dunha foto. Escribir unha biografía. Escribir un e-mail (correspondencia informal) Unha reportaxe sobre un destino a visitar. Narración dun perfil persoal.: detalles, actividades, familia, sentimentos. Unha narración: o incidente, describir a secuencia dos feitos e como remata. Predicións de futuro. Descricións de programas de TV. Noticias: información básica (que , onde cando,....) A roupa: descrición.</p>	<p>Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.</p> <p>Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de</p>

<p>. Léxico oral e escrito básico</p> <p>Repaso dos pronomes persoais, os adxectivos, a casa , os animais, os deportes. O colexio: obxectos de uso, horario, actividades . Verbos. Life events. Adxectivos. Xeografía (accidentes xeográficos, localización de lugares...).</p> <p>Tempo atmosférico. A familia. Delitos. As persoas e os delitos. Medios de transporte e verbos asociados. Verbos positivos ou negativos: medio ambiente. Experiencias. Adxectivos para describir experiencias (preposicións específicas). Nutrición: hábitos saudables. Fitness: forma física. A moda : roupa e complementos. Adxectivos para describilos/as.</p>	<p>realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.</p>
<p>Estruturas sintáctico-discursivas</p> <p>Os posesivos , Saxon Genitive, to be/have got, Present Simple, Present Continuous. Presente Simple/ Present Continuo. There is/There are. Artículos e cuantificadores. How many/How much. Pasado simple. Used to. Orde dos adxectivos. Adxectivos comparativos e superlativos. (as...as, too..., (not)....enough. Subject/ Object questions. Adverbios de modo. Pasado Continuo. Pasado Continuo/Pasado Simple. Tiempos de futuro. First Conditional and Second Conditional. Present Perfect Simple. For. Since. Verbos modales: can, can't, could, must, mustn't, should, have to, need to. Reported speech. Xerundios e infinitivos.</p>	<p>Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).</p> <p>Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p> <p>Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>



CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

TEMPORALIZACIÓN:

Horas de clase semanais: 3

1ª Avaliación: Avaliación inicial (primeiras semanas de clase).

Getting started + unidades 1,2,3+Reading book (Chapters 1,2,3,4)

2ª Avaliación: Unidades 4,5,6 (e os contidos das unidades anteriores: Getting started+unidades 1,2,3)+Reading book (Chapters 5,6,7,8)

3ª Avaliación: Unidades 7, 8, 9 (e os contidos das unidades anteriores : Getting started +unidades 1,2,3,4,5,6)+Reading book (Chapters 9, 10, 11, 12)

Libro de lectura obrigatoria:

“A STRANGER IN THE PAST” by Julie Hart .

Editorial BURLINGTON BOOKS. ISBN: 9-789963-273-57-7(Fixado novo no curso 2017-2018)

En cada avaliación, avaliarase a parte correspondente do libro de lectura dada. (Catro capítulos por avaliación).

Con que temporalización se farán probas escritas?

Haberá 3 avaliacións en cada unha das cales farase unha proba escrita polo menos, para medir os contidos conceptuais e procedementais.

Por cada avaliación realizarase un exame global, que constará das seguintes partes.

- Grammar and vocabulary (4 puntos)
- Reading (1,5 puntos: corresponde a un texto con preguntas de comprensión do mesmo).
- Listening: (1 punto)
- Speaking: (1 punto)
- Writing task (2,5 puntos)

Tamén poderá haber probas escritas: probas de verbos, de vocabulario, de unidades individuais, etc que o/a profesor/a terá en conta como notas de clase

1. Para aprobar cada avaliación o/a alumno/a deberá cumprir todos e cada un dos seguintes requisitos:

- a) obter unha nota de 5 sobre 10 na suma global
- b) obter unha puntuación mínima do 30% en todas e cada unha das partes do exame (mínimo de 1,2 en Grammar and vocabulary, mínimo de 0,45 en Reading , mínimo de 0,30 en Listening, mínimo de 0,30 en Speaking e mínimo de 0,75 en Writing). Se nalgunha destas partes a nota é inferior ao 30%, a nota global da avaliación non poderá ser, en ningún caso, superior a 4.
- c) ter asistido con regularidade á clase, nos termos establecidos nos parágrafos 5 e 7.
- d) aproximarse a nota global da avaliación á alza cando o decimal sexa 0.6 ou superior. Esta aproximación non procederá cando se obteña menos do 30% da puntuación nalgunha das partes do exame, cando se falte reiteradamente a clase cando non se realicen as tarefas encomendadas ou se interrompa con frecuencia o traballo dos compañeiros/as.
- e) Se un alumno non se presenta a unha proba, só se lle repetirá se ten xustificación médica ou deber inexcusable de carácter público ou privado.
- f) Realizarase aproximación á alza na media final en cada avaliación cando o decimal sexa 0,60 ou superior a criterio do profesor, sempre que o alumno tivera amosado interese,

traballo e esforzo.

2. Cada avaliación superada suporá a recuperación das avaliacións suspensas anteriormente.

3. Dado o carácter continuo da materia, o exame da 3ª avaliación será tamén o exame final, e será eliminatorio. Quen non o aprobe o exame final por non superar os requisitos mencionados anteriormente non poderá aprobar a materia en ningún caso nin superar a nota de 4 na 3ª avaliación e na avaliación ordinaria.

4. Para quen supere o exame eliminatorio da 3ª avaliación (avaliación final) a cualificación da convocatoria ordinaria será a máis alta destas dúas :

a) nota do exame final

ou

b) media aritmética das notas das 3 avaliacións.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo de aula?

1.O alumno realizará e presentará as tarefas encomendadas polo profesor: exercicios, esquemas, exposicións, traballos, escritos, etc. en tempo.

2.Revisaranse cadernos de clase e comprobarase a realización de todas as actividades propostas, así coma a inclusión das posibles explicacións complementarias do profesor. Asemade valorarase a organización, caligrafía, o uso de bolígrafo para escribir e **non do lapis (excepto no WORKBOOK)**, o non usar cintas ou líquidos correctores...

3.É responsabilidade do alumno traer o material necesario (libro, caderno, bolígrafo ...), conservalo e amosar interese pola(s) clase(s) perdida(s): pedir apuntes, facer exercicios, anotar datas de exame.

4.Descontaranse puntos da nota de calquera avaliación polos seguintes conceptos:

a) non prestar atención nas clases ou interromper a marcha das mesmas, ser expulsado da aula co conseguinte apercibimento (1 punto)

b) non se esforzar por mellorar coñecementos (non entregar os seus traballos seguindo as pautas marcadas polo profesor: elaborados, ben presentados e nas datas marcadas, non fai as súas tarefas diarias) (1 punto).

c) por cada 5 faltas non xustificadas ou faltas de puntualidade descontarase 1 punto. Para estes efectos só se considerarán faltas xustificadas aquelas que se acrediten con documento oficial diante do profesor da materia, antes de entregarlle o xustificante ao titor, non sendo aceptada a simple xustificación de pais, nais ou titores legais. Computará como falta non xustificada faltar á clase de lingua inglesa por ter exame doutra materia ou estar estudando para outra materia.

5.Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspensa, e nese caso corresponderalle a cualificación de 0 ptos, se existe constancia de que o alumno copiou, deixou que outros copiaran o seu traballo, "apuntoulle" a un compañeiro ou ten participado en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar resultados por procedementos deshonestos. (Nun exame final o alumno quedaría convocado directamente para o exame extraordinario de setembro).

Do mesmo xeito, se un alumno non entrega ou sustrae un exame, ou ben se perde involuntariamente, actuaremos como se indica a continuación:

-Se o profesor reconece que o extraviou, tendo en conta as notas de clase do alumno, daráselle a posibilidade de facer outro exame, ou ben se cualificará cunha nota de 5.

-Se é o alumno o que sustrae o exame, automaticamente se cualificará coa nota mínima, 0.

-En caso de dúbida por ámbalas dúas partes, darase a posibilidade dun novo exame, e en todo caso confiarase na palabra e na profesionalidade do docente, despois de revisar a traxectoria do alumno.

6. O libro de lectura obrigatoria será cualificado nas avaliacións coa puntuación indicada

anteriormente. **En cada avaliación, avaliarase a parte correspondente do libro de lectura dada. (Catro capítulos por avaliación)**. Entrará todo o vocabulario e a materia traballada na clase, sexa das unidades ou outra facilitado polo profesor/a.

7. Cando un/ha alumno/a non poida asistir a un exame por enfermidade ou outro motivo xustificade, deberá presentarlle ao profesor da materia, no prazo máis breve posible, e en todo caso antes da avaliación, un xustificante legal (informe médico, certificado de asistencia a exames oficiais, etc.) para solicitar que o profesor lle faga o exame que non puidese realizar co seu grupo. En ningún caso se farán exames fóra do horario establecido para o grupo se non se presenta o sobredito documento legal.

Como se recupera unha proba non superada?

Non haberá unha recuperación dunha proba non superada. Ao ser unha materia de carácter progresivo, a alumno/a poderá demostrar na proba seguinte se os contidos da proba non superada foron adquiridos ou non.

PROMOCIÓN

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL

Todo o alumnado debe ir a avaliación final ; dado o carácter continuo da materia, o exame da 3ª avaliación será tamén o exame final e será eliminatorio.

En que consistirá a proba?

- Grammar and vocabulary (4 puntos)
- Reading (1,5 puntos,)
- Listening: (1 punto)
- Speaking: (1 punto)
- Writing task (2,5 puntos)

A nota da avaliación ordinaria será :

a) para quen non supere o exame final, a nota da convocatoria ordinaria será a obtida no sobredito exame final, aproximada á alza ou baixa, segundo proceda.

b) para quen supere o exame final, a nota da convocatoria ordinaria será a máis alta das que seguen:

b1) nota do exame final

ou

b2) media aritmética das notas da 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

Realízase aproximación á alza cando o decimal sexa 0,60 ou superior a criterio do profesor, sempre que o alumno tivera amosado interese, traballo e esforzo.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

O alumno suspenso na convocatoria de xuño, terá que facer o correspondente exame na convocatoria de setembro, que consta dos apartados que seguen:

- -Grammar e Vocabulary (5 puntos)
- -Reading (2 puntos)
- -Writing task (3 puntos)

Para aprobar nesta convocatoria é necesario obter un mínimo de 5 puntos na suma total e, ao mesmo tempo, un mínimo do 30% da puntuación en cada apartado do exame. A nota de avaliación aproxímarase á alza cando o decimal sexa 0,6 ou superior.